



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

##### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DA OBRA VAC DA COSTA NORTE. TREITO: CELEIRO - SAN CIBRAO

Termo municipal: XOVE

Clave: LU/00.063.01.4M1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 17 de novembro de 2022

Lugo, 13 de outubro de 2022.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

**Expediente: X1792**

<b>Término municipal de:</b>	<b>XOVE</b>
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Proxecto modificado nº1 da obra Vac da Costa Norte. Treito: Celeiro- San Cibrao
Clave:	LU-00-063-01-4-M-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
609; 605	BARRO PEÑA JOSEFA, PEREIRA FERNANDEZ RAMON	LG LAGO. 27878 XOVE
122.3	COCIÑA BASANTA MARIA DEL MAR	PRAIA OS ALAMOS 74. AREA. 27863 VIVEIRO. LUGO
601; 450CO	DIAZ FRANCO RAMON	XOVE. LUGO
363CO1	GARCIA GONZALEZ MARIA MERCEDES, FRANCISCO MANUEL, MARIA JESUS, JOSE EDUARDO, CARLOS MIGUEL, JOSE LUIS, MARIA DEL CARMEN	RAMON FERREIRO 19. 1ºD. 27002. LUGO
607; 611	RUA LAGE SILVESTRE HEREDEROS DE	LAGO. 27878 XOVE. LUGO

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO****ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO***Anuncio***RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2022.**

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións rexerase, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do disposto no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas nominativas e excepcionais tramitadas pola Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social e Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento) da Deputación Provincial de Lugo no terceiro trimestre do ano 2022:

**Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social)**

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo	G27019793	Nominativa	Gastos de funcionamento	4330.48900	40.000,00 €	Presidencia
Asociación de Profesores Técnicos y de Enseñanza Secundaria de Galicia (APAGA)	G27183201	Nominativa	Forum de Innovación e Formación sobre Vehículos	2410.48900	3.000,00 €	Presidencia
Asoc. Prov. Ganaderos de Lugo Control Rendimientos (AFRICOR)	G27155688	Nominativa	Xornada Técnicas de Vacún de Leite	4330.48900	3.000,00 €	Presidencia
Asociación de Comerciantes, Industriales, Servicios y Autónomos de Ribadeo (A.C.I.S.A RIBADEO)	G27118579	Excepcional	Promoción e Dinamización do Comercio e Hostalaría Local de Ribadeo durante o Verán	4330.48900	6.000,00 €	Presidencia
Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo (AELU)	G27105220	Excepcional	Feminino Rural	2410.48911	40.000,00 €	Xunta de Gobierno
Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo	G27019793	Excepcional	CEL Expansión 2022	2410.48911	60.000,00 €	Xunta de Gobierno

**Área de Formación, Ensino e Economía do coñecemento**

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Real Academia Galega De Ciencias	Q1568010A	Nominativa	Subvención actividades	4630.48900	5.000,00 €	Presidencia
Consortio Centro Asociado de la UNED en Lugo	Q2701015F	Nominativa	Comunicación e Cultura Dixital 2022	3261.48907	25.000,00 €	Presidencia
Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia	Q1500303A	Nominativa	Actividades da Fundación	4630.48900	5.000,00 €	Presidencia

Lugo, 13 de outubro de 2022.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2911

**CONCELLOS****BÓVEDA***Anuncio***EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DA TAXA POLO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DO ANO 2022**

De conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, aprobouse mediante Resolución de Alcaldía, n.º 2022-0542, de data 7 de outubro de 2022, o Padrón Fiscal correspondente á Taxa polo mantemento e conservación do Cemiterio Municipal, correspondente ao ano 2022, que queda exposto na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, sito na Avda. Alfonso XIII n.º 85 de Bóveda, durante o prazo de quince días, conforme ao artigo 82.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o seguinte á publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o citado período de exposición pública, as persoas lexitimadas poderán examinar o expediente e presentar alegacións ao padrón mencionado.

## a) Prazos de ingreso:

O prazo de ingreso do padrón debe realizarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do Edicto de exposición pública e notificación colectiva no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

## b) Modalidade de cobro:

O pagamento poderá realizarse a través das seguintes modalidades:

- Ingresando na Conta de A BANCA, nº ES78-2080-0159-8631-1000-0018, da que é titular este Concello, na forma e prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria (BOE 18 decembro 2003, núm. 302, [páx. 44987]), facendo constar o número: **625/2022** e o concepto **CEMITERIO 2022**.

- Domiciliación bancaria efectuada ao efecto.

## c) Período executivo:

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario sen que se efectúe o pago, as débedas esixiranse polo procedemento de prema prevista nos artigos 163 e ss da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 70 e ss do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación -RGR-, devengándose as recargas correspondentes así como os intereses de demora.

## d) Recursos:

Contra o acto de aprobación do padrón, os interesados só poderá interpor o recurso de reposición a que se refire o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación da presente resolución. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que por quenda de repartición lle corresponda, no prazo de dous meses contados a partir da notificación. Transcorrido

un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que recaese resolución expresa do mesmo, entenderase desestimado e poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso ou acción que estime convinte ao seu dereito.

Bóveda, 10 de outubro de 2022.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2912

---

## A FONSGRADA

### *Anuncio*

**Procedemento:** Delegación de competencias por substitución transitoria do Alcalde da Corporación

**Expediente número:** 517/2022

**Asunto:** Anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Non sendo posible realizar as funcións propias da Alcaldía debido á situación de ausencia temporal do Presidente da Corporación, e de conformidade do disposto nos artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e conforme co previsto no artigo 63 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; procedeuse mediante resolución 2022-0519 á delegación da totalidade das funcións da Alcaldía deste Concello, no primeiro tenente de alcalde, Don JoseÁngel Fernández Carrín.

A Fonsagrada, 13 de outubro de 2022.- O Tenente de Alcalde da Corporación, JoséÁngel Fernández Carrín.

R. 2913

---

## LÁNCARA

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Por xunta de goberno local de 27 de xullo de 2022, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 1º trimestre 2022.

O importe total do padrón ascende a 61.716,53 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 11 de outubro de 2022 ó 11 de decembro de 2022, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interponer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 13 de outubro de 2022.- O Alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2914

---

## NAVIA DE SUARNA

### *Anuncio*

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación a modificación do cadro de persoal aprobado para 2022, consonte ó acordó acadado na sesión ordinaria celebrada o día 25 de maio de 2022, e, en cumprimento do artigo 126.3 en relación co artigo 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, de seguido reproducése o contido da modificación:

A-A2	PF03	TRABALLADOR/A SOCIAL	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios
C-C1	PF04	ENCARGADA BIBLIOTECA (TEMPO PARCIAL)	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais
AP	PL01	PEÓN/PEÓN OBRAS E SERVIZOS	
AP	PL014	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL015	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL016	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL017	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL018	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL05	PEÓN CONDUCTOR	
C-C2	PL02	PEÓN ESPECIALISTA 1ª	
AP	PL06	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL07	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL08	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL09	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL010	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL011	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL012	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	
AP	PL013	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR (TEMPO PARCIAL)	

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Navia de Suarna, 13 de outubro de 2022.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2915

## QUIROGA

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2022

O concello de Quiroga en sesión plenaria celebrada o día 16 de setembro de 2022 aprobou o expediente de modificación de créditos nº 2/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de distintas áreas de gasto que non afectan a baixas e altas de crédito de persoal. Exposto ao público durante quince (15) días hábiles o anuncio de aprobación inicial no BOP de Lugo núm. 216, do 20 de setembro de 2022 e no taboleiro de anuncios do concello, non se presentaron reclamacións contra o mesmo.

En cumprimento do artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, fanse públicas as devanditas modificacións:

**Aplicacións que se modifican:****Altas en Aplicacións de Gastos**

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Transferencia de crédito	Créditos finales
1500	22701	Servicio de consutoria y asist. técn. Urbanística	25.000,00	14.368,00	39.368,00
1500	60901	Red telecomunicaciones	0,00	44.891,00	44.891,00
1650	62400	Adquisición vehículo electricista	0,00	4.500,00	4.500,00
3200	21000	Reparacións diversas	5.600,00	25.000,00	30.600,00
3300	22601	Atencións protocolarias y repres.	15.000,00	20.000,00	35.000,00
3300	22699	Festejos, promocións	10.000,00	30.000,00	40.000,00
3400	62200	Edificios y otras construcións.	0,00	48.000,00	48.000,00
4500	61900	Otras inversións de reposición en infraestructuras y bienes	50.000,00	70.000,00	120.000,00
4500	61901	Mejora camino	0,00	15.000,00	15.000,00
4500	61902	Muro contención a Barrancas	0,00	15.000,00	15.000,00
9200	22604	Servicio asistencia jurídica	5.000,00	19.177,29	24.177,29
9200	22706	Estudios e traballos técnicos	35.000,00	18.000,00	53.000,00
9200	22799	Traballos realizados por profesionales o empresas	12.000,00	34.000,00	46.000,00
45300	61903	Mejora accesos a Enciñeira		47.851,47	47.851,47
		<b>TOTAL</b>		<b>405.787,76</b>	

**Bajas en Aplicacións de Gastos**

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Transferencia de crédito	Créditos finales
1350	13002	Gratificacións persoal	2.000,00	2.000,00	0,00
1350	20400	Aluguer elementos de transporte	500,00	500,00	0,00
1350	21400	Elementos de transporte.	6.000,00	6.000,00	0,00
1350	22104	Vestuario persoal	4.000,00	2.763,38	1.236,62
1360	13100	Retribucións persoal	30.000,00	27.662,56	2.337,44
1360	16000	Seguridade Social c/empresa	10.000,00	9.231,66	768,34
1360	22111	Subministro servizos Servizo Incendios	20.000,00	8.504,46	11.495,54
1500	13100	Retribucións persoal laboral temporal	35.000,00	18.000,00	17.000,00
1500	22701	Estudios e traballos técnicos	25.000,00	25.000,00	0,00
1500	61900	Otras inversións de reposición en infraestructuras y bienes destinados al uso general.	60.000,00	57.435,13	2.564,87
1500	61902	Adquisición mobiliario urbano	49.000,00	49.000,00	0,00

1600	61900	Otras inversiones de reposición en infraestructuras y bienes destinados al uso general.	20.000,00	10.000,00	10.000,00
1610	63300	Maquinaria, instalaciones técnicas y utillaje.	20.000,00	20.000,00	0,00
1621	13000	Retribucións persoal fixo	25.000,00	12.267,43	12.732,57
1623	22799	Trabajos realizados por profesionales o empresas	90.000,00	30.000,00	60.000,00
1630	12009	Pagas extraordinarias funcionarios	3.000,00	2.390,78	609,22
1640	62200	Edificios y otras construcciones.	250.000,00	83.757,83	166.242,17
1721	22699	Outros gastos diversos	12.000,00	10.177,02	1.822,98
2410	22606	Reunións, conferencias e cursos	2.000,00	2.000,00	0,00
2410	22699	Otros gastos diversos	3.000,00	3.000,00	0,00
4140	48000	A Familias e Instituciones sin fines de lucro.	10.000,00	10.000,00	0,00
4500	21400	Reparación e mantemento elementos de transporte	6.500,00	6.097,51	402,49
9290	50000	Fondo de contingencia de ejecución orzamentaria	10.000,00	10.000,00	0,00
		<b>TOTAL</b>		<b>405.787,76</b>	

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 113.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Quiroga, 13 de outubro de 2022.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2916

## RIBAS DE SIL

### Anuncio

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía de data 06.10.2022 as bases e a convocatoria excepcional no marco do proceso de estabilización de emprego temporal, para cubrir 1 praza de Traballadora Social vacante no Concello de Ribas de Sil, mediante sistema de concurso, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado.

#### EXTRACTO DA CONVOCATORIA:

Por Resolución de Alcaldía de data 06.10.2022 aprobáronse as bases específicas e a convocatoria excepcional para cubrir 1 praza de Traballadora Social para o Concello de Ribas de Sil, mediante sistema de concurso, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal.

As bases íntegras da presente convocatoria fican publicadas na sede electrónico do Concello de Ribas de Sil.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: <https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/board>

Contra as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello de Ribas de Sil de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao

seu domicilio, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Ribas de Sil, 13 de outubro de 2022.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2919

## RIOTORTO

### *Anuncio*

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de suministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao segundo cuadrimestre de 2022, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do término do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezcan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 24 de outubro e o 24 de novembro de 2022.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 13 de outubro de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2917

## O SAVIÑAO

### *Anuncio*

**Asunto: MODIFICACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.**

No Boletín Oficial da Provincia nº 118, de data 25/05/2022, publicouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal do Concello de O Saviñao.

Mediante Resolución de Alcaldía, de data 13 de outubro de 2022, (Decreto 2022-0345) acordouse modificar a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do concello de O Saviñao, por rectificación de erro material, quedando sen efecto a publicada no BOP de Lugo núm. 118, coas prazas que a continuación se relacionan:

#### **PERSOAL FUNCIONARIO**

DENOMINACION	Nº VACANTES	GRUPO/SUBGRUPO	CLASIFICACION	SUBESCALA	FORMA DE PROVISION	XORNADA
Administrativo/a (con funcións de Tesourería en virtude de decreto de Alcaldía de 10/04/2018)	1	C / C1	Escala de Administración Xeral	Administrativa	Concurso	Tempo completo



**PERSOAL LABORAL**

DENOMINACIÓN	NÚMERO VACANTES	FORMA DE PROVISION	XORNADA
Traballador/a Social	1	Concurso	Tempo completo
Azafata Información Xuvenil.	1	Concurso	Tempo completo
Educador/a Familiar	1	Concurso	Tempo completo
AEDL (indefinida con funcións de asesor/a xurídico/a en virtude de sentenza xudicial de 8/02/2002)	1	Concurso	Tempo completo

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; e do disposto no artigo 2.2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publícase a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Saviñao.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se opta por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interponer calquera outro recurso que se estime máis conveniente a dereito.

O Saviñao, 13 de outubro de 2022.- O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2918

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS

#### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente número: A/27/23711**

**Asunto: Solicitud de autorización para obras**

**Peticionario: Ayuntamiento de Riotorto**

**Nombre del río o corriente: rego Mouro**

**Punto de emplazamiento: Vilar de Santiago**

**Término Municipal y Provincia: Riotorto (Lugo)**

**Destino: Comunicación de márgenes**

#### **BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:**

El Ayuntamiento de Riotorto solicita autorización para instalar dos pasarelas peatonales, de construcción de madera con troncos de castaño de aproximadamente 6 metros de longitud y 1 metro de anchura sobre el cauce del rego Mouro, para comunicación peatonal entre las sendas peatonales de ambas márgenes.

Según consta en la documentación presentada las referidas pasarelas se emplazan en las inmediaciones de Vilar de Santiago (Coordenadas X=153.143, Y=4.811.323) y Veleixoiro (Coordenadas X=153.154, Y=4.810.942).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo en la

Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 6 de octubre de 2022.- La Secretaria General, P.D. La Jefa del Área de Gestión del DPH (Resolución de 13/09/2017, BOE de 09/10/2017).

R. 2920

---